

REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/01/2020 12:53:28

SAIDA 1437/20

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 166/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 19 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 19 de novembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a comunicación do [REDACTED], Universidade e Formación Profesional pola que se lle informa sobre a súa solicitude sobre as partidas orzamentarias do ensaio de plantas aromáticas ano escolar 2017-2018 e o orzamento de mantemento de xardinería do curso 2019-2020, do dito centro.

O reclamante no seu escrito, solicita que se lle dea publicidade de determinadas partidas orzamentarias do C.I. F. P. [REDACTED], en base a un posible uso impropio das mesmas, que foron solicitadas á dirección do mencionado Centro e que son as correspondentes ao ensaio de plantas aromáticas realizado por profesorado do centro e que

está incluído nos orzamento do ano escolar 2017-2018 e o orzamento de xardinería dos cursos 2019-2020.

A dirección do mencionado centro lle remitiu un escrito que ten data de saída 7/06/2019, no que non se fai ningunha mención das partidas solicitadas. O interesado dirixiuse posteriormente con data do 03/07/2019, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sen obter resposta.

O interesado acompaña copia do seu DNI e copia do documento de rescisión do contrato de mantemento de xardinería por parte da dirección do C.I. F. P. [REDACTED] e as alegacións presentadas ao mesmo, no que se solicita a información sobre as partidas orzamentarias, un escrito de reiteración da solicitude de información, a contestación do Centro Integrado de Formación Profesional [REDACTED], documento de petición de información á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e escrito de reiteración da dita información.

Segundo. Con data 21 de novembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 26 de novembro de 2019.

Terceiro. Con data do 15 de xaneiro de 2020, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo oficio da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional co que se remite copia do expediente tramitado e informe. No informe, a Consellería, comunica que con data do 18 de decembro 2019 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ditou resolución de concesión de acceso á información, que foi posta a disposición do recorrente o 20 de decembro de 2019.

No referente á partida do ensaio de plantas aromáticas do curso 2017-2018, informóuselle que non existe ningún gasto efectuado polo centro dado que tanto os traballos de plantación como a obtención das plantas, foron realizados sen custo, polo profesorado do centro da familia profesional de Hostalería e Turismo, polo que non se destinou ningunha partida orzamentaria no curso 2017-2018.

Respecto do orzamento de mantemento de xardinería do curso 2019-2020, no Plan Anual 2019-2020, partida orzamentaria 2020, presentouse e aprobouse no Consello Social celebrado o 29 de outubro de 2019 e na proposta de orzamentos 2020 asígnanse 10.000 € dentro do concepto de xestión ambiental, asignado integramente para o mantemento de xardinería do centro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, non obtivo unha resolución resolvendo o acceso á información ditada polo órgano competente de conformidade co disposto no artigo 27.3 da Lei 1/2016, senón unicamente unha comunicación dun centro educativo, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo. por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado, nun escrito de alegacións presentado a unha comunicación do director do Centro Integrado de Formación Profesional [REDACTED] solicitou, ao amparo da Lei 1/2016, o orzamento do ensaio de plantas aromáticas e o orzamento de xardinería do curso 2019-2020, do dito centro.

Mediante escrito con saída do centro do 7 de xuño de 2019, o director do dito centro lle informa do procedemento establecido para a realización de contratos menores, e lle comunica que o centro non dispón dun ensaio de plantas aromáticas para o que solicitara ningún tipo de mantemento.

A competencia para a resolución das solicitudes de acceso á información na Administración autonómica, lle corresponde á Secretaría Xeral, á Secretaría Xeral Técnica, á Dirección Xeral ou á Delegación Territorial correspondente. No presente caso, ao interesado se lle fai unha comunicación por parte da dirección do centro educativo incompleta, xa que se lle informa que o centro carece de ensaio de plantas aromáticas, sen que se lle informe sobre o orzamento de xardinería do curso 2019-2020, do dito centro.

Posteriormente, con data do 18 de decembro de 2019, fora por tanto do prazo previsto no artigo 27.4 da Lei 1/2016, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ditou resolución de concesión de acceso á información solicitada, na que se lle informa da inexistencia de partida do ensaio de plantas aromáticas dado que os traballos de plantación como a obtención das plantas foron realizados, sen custo, polo profesorado do centro e se lle informa da partida correspondente ao mantemento de xardinería do curso 2019-2020 do centro.

De acordo co anterior, ao proporcionárselle ao interesado a información solicitada despois de que este presentase reclamación ante esta Comisión, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

Debe lembrarse que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaçión de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 19 de novembro de 2019, contra a comunicación do Centro Integrado de Formación profesional [REDACTED] da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se lle informa sobre a súa solicitude sobre as partidas orzamentarias do ensaio de plantas aromáticas ano escolar 2017-2018 e o orzamento de mantemento de xardinería do curso 2019-2020, do dito centro.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA	Firmado digitalmente por
DOLORES FERNANDEZ	76706870F MARIA DOLORES
(R: S6500009C)	FERNANDEZ (R: S6500009C)
	Fecha: 2020.01.30 17:20:23
	+01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.